

Xabier Pérez Igrexas, en calidade de portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no Regulamento Orgánico do Pleno e da restante normativa aplicábel, eleva ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte

MOCIÓN

PARA A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ E A XESTIÓN TRANSPARENTE NO CONCELLO DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Democracia non é só votar cada catro anos. Democracia é tamén contar coa participación de todas e de todos, coa opinión da veciñanza e dos colectivos sociais, para definirmos colectivamente que cidade queremos ser, que modelo de cidade queremos construír e que tipo de políticas aplicar. Unha democracia real e plena ten que permitir a participación directa e protagónica da cidadanía na toma de decisións, sen limitala aos procesos electorais e a súa expresión representativa. No ámbito municipal, por ser o máis próximo, ese principio tórnase unha necesidade imperativa que ademais nos últimos anos ten constituído unha reiterada e enfática demanda social.

A abordaxe das cada vez máis complexas necesidades e problemas sociais, esixe respostas que vaian para alén do mecanicismo técnico ou da imposición unilateral por parte das administracións. Neste sentido, cobra especial relevancia a participación cidadá, concibida como calquera tipo de práctica social a través da que a veciñanza ten a posibilidade material de incidir sobre a política ou sobre calquera dimensión do colectivo.

Para alén, do que supón de mellora da calidade democrática e das propias políticas públicas, a promoción da participación cidadá como elemento basilar dun xenuíno modelo de Goberno Aberto ten evidentes beneficios:

- Axuda a xerar confianza nas institucións e fortalecer a ligazóns sociais.
- Contribúe a orientar a xestión do público cara a políticas que atendan, de verdade, as necesidades da cidadanía.

- Posibilita o aproveitamento da intelixencia colectiva na toma de decisións públicas.
- Contribúe á construción dunha cidadanía máis activa, con maior coñecemento e capacidade de análise crítica para afrontar os problemas do seu entorno.
- Incrementa a sensibilización e concienciación da sociedade, a vontade colectiva de cambio e promove o fortalecemento da propia cidade como comunidade humana e non apenas como un espazo.
- Fomenta a integración e a creación de redes e tecido a nivel social.
- Contribúe a perfeccionar as decisións públicas e avanzar en termos de eficiencia.

As transformacións que fixeron medrar e avanzar Vigo sempre tiveron un denominador común. Foron resultado do empurre popular, da forza da xente, da suma de vontades das viguesas e dos vigueses. Somos unha cidade tan diversa como combativa, tan plural como solidaria, tan complexa como determinada a afrontar, xuntos e xuntas os retos que se nos poña no camiño. E eses elementos que nos definen teñen cristalizado tamén na existencia dun vizoso tecido asociativo, nun activo entramado de movementos sociais que dinamizan a cidade nos seus diferentes ámbitos e que son unha xenuína expresión de espazos de participación.

O Concello de Vigo colocouse nunha posición referencial de vangarda, facendo do Regulamento de Participación Cidadá e a política de promoción activa do asociacionismo impulsado en 1991 polo BNG desde o Goberno municipal un exemplo de compromiso por facilitar o exercicio efectivo do dereito fundamental de participación pública, consubstancial á democracia, e que fica consagrado en ampla normativa tanto europea, estatal, autonómica.

No entanto, ese impulso ten decaído dando lugar a un crecente autoritarismo e a permanente xordeira no relacionamento do Goberno municipal co tecido asociativo e co conxunto da veciñanza. Unha situación que urxe reverter con máis diálogo, máis transparencia e máis participación para devolverlle o Concello ás viguesas e aos vigueses.

Na cidade de Vigo temos asistido nos últimos anos a un grave retroceso no referido á participación cidadá, sendo patente a nula disposición ao diálogo por parte do Goberno municipal e a laminación daqueles colectivos e entidades que

se amosan críticos coa súa xestión. Son, neste sentido, numerosas as críticas e denuncias formuladas por diversos colectivos e movementos sociais que advirten da necesidade de mellorar os mecanismos previstos para a participación cidadá no Concello de Vigo, para facer imperativo o seu dereito a seren escoitados e atendidos e a que a súa opinión sexa efectivamente tida en conta no proceso de toma de decisións. Todo isto fai imprescindible dotarmos a cidade e especificamente o Concello de mecanismos máis efectivos e útiles para facilitar e dinamizar a participación do conxunto da veciñanza.

Polo que, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Instar o Goberno municipal a iniciar, de maneira inmediata, o proceso de elaboración dun novo Regulamento Municipal de Participación cidadá, que se asente nos seguintes principios:

- 1 Elaboración participativa do orzamento municipal.
- 2 Revitalización dos consellos sectoriais municipais existentes, e a creación daqueles que foren precisos (incluída a recuperación do Consello Sectorial de Urbanismo), configurándoos como espazos efectivos para a co-decisión, dotándoos de competencias claras e asegurando a súa convocatoria regular.
- 3 Estabelecer novos mecanismos de control popular da acción do Goberno municipal e de dación de contas.
- 4 Mellora dos medios de acceso público á información.
- 5 Creación dos Consellos Veciñais de Barrio ou Parroquia, concibidos como espazos de co-decisión nos asuntos que afecten o seu ámbito territorial.
- 6 Regulamentación específica da concesión de subvencións municipais e do seu control e creación dunha Comisión específica con participación de toda a Corporación.
- 7 Maior descentralización administrativa e alargamento dos servizos municipais aos barrios e parroquias.

Segundo.- Instar o Goberno municipal á reforma do Regulamento Orgánico do Pleno para facilitar a promoción de iniciativas populares e a intervención de asociacións e colectivos nas sesións plenarias, así como para propiciar unha mellor representación da pluralidade política aumentando o dereito das diferentes formacións políticas con representación na Corporación no referido á presentación de iniciativas, accións de control e proposicións de carácter

normativo, e facendo obrigatoria a realización anual do Debate do Estado da Cidade.

Terceiro.- Instar o Goberno municipal a promover as modificacións normativas que foren precisas para o reforzamento da figura da Valedoría da Cidadanía, dotándoa de capacidade efectiva e autonomía para o exercicio de funcións de contraloría municipal e salvagarda dos dereitos da veciñanza fronte ao Concello de Vigo, garantindo que a súa elección se materialice con mecanismos de maioría reforzada e consenso esixindo, entre outros, que a designación de persoas candidatas ao Pleno conte co apoio de máis de un Grupo Municipal.

Cuarto.- Constituír con carácter inmediato a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Vigo, permitindo a participación directa do tecido asociativo e implementando mecanismos de seguimento e trazabilidade da resolución das mesmas.

Quinto.- Instar o Goberno municipal a promover a aprobación dun Regulamento de Xestión Transparente que inclúa medidas de monitorización pública e accesíbel da xestión municipal, como a creación dun visor económico web que permita a cidadanía coñecer detalladamente o grao de execución orzamentaria desagregada por capítulos, programas e aplicacións e tamén por barrios e parroquias, así como regular de maneira estrita e transparentar o uso de recursos públicos para gastos de carácter publicitario.

Vigo, Galiza, 25 de setembro de 2024.

Asdo.



ALCALDE-PRESIDENTE

CONCELLO DE VIGO